

INSTRUCCIÓN Nº 2/2010, SOBRE A INCORPORACIÓN DA NOTA MEDIA DO EXPEDIENTE ACADÉMICO ESTABLECIDA NO REAL DECRETO 1125/2003, DO 5 SETEMBRO PARA A VALORACIÓN DE EXPEDIENTES ACADÉMICOS.

As Normas de Xestión Académica establecen no seu artigo 18 o sistema de valoración de expedientes, normas que foron desenvolvidas pola Resolución Reitoral do 20 de marzo de 2003 sobre valoración de expedientes na Universidade de Santiago de Compostela.

A necesidade de unificar no Sistema Universitario de Galicia o sistema de valoración de expedientes para procesos competitivos, levou a asinar con data do 21 de febreiro un Protocolo de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a valoración de expedientes académicos, que foi publicado no DOG o 23 de marzo de 2005 e ratificado polo Consello de Goberno da USC o 30 de marzo de 2005. No seu desenvolvemento ditouse a Resolución Reitoral do 19 de abril de 2005, que derogou a citada Resolución do 20 de marzo de 2003.

No citado Protocolo establécese que se poderá calcular o expediente cando este sexa requirido por normas ou convocatorias alleas ás institucións asinantes e cada vez son máis as convocatorias (excelencia curricular, SICUE...) que utilizan o criterio de valoración de expedientes tomando como referencia o sistema establecido no artigo 5 do Real Decreto 1125/2003, é dicir as notas en base 10.

É necesario, por tanto, regulamentar este cálculo e o sistema de acreditación para o alumnado, Centros e Unidades de Xestión.

Por todo o anterior, esta Secretaría Xeral acorda:

PRIMEIRO.- REGRA XERAL

Os procedementos que convoque a USC seguirán o sistema de cálculo de notas medias do expediente académico establecido no Protocolo de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación universitaria e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a valoración de expedientes académicos asinado o 21 de febreiro de 2005 (DOG o 23 de marzo de 2005) e ratificado polo Consello de Goberno da USC o 30 de marzo de 2005, así como a R.R. do 19 de marzo de 2005.

Poderán aplicarse outras medias sempre que veñan impostas por outras normas ou convocatorias alleas á USC e ás institucións asinantes do Protocolo. As regras de cálculo serán as que estableza a correspondente convocatoria.

No caso de que a convocatoria só faga referencia ao sistema de cálculo conforme ao artigo 5 do Real Decreto 1125/2003, de 5 de setembro, utilizarase o sistema establecido na presente Instrución, en tanto non se desenvolva no Protocolo coa Xunta e as tres universidades.

SEGUNDO.- SISTEMA DE CÁLCULO

2.1.- A nota media do expediente académico calculada de acordo co establecido no artigo 5 do Real Decreto 1125/2003 será o resultado da seguinte fórmula:

- Suma dos créditos obtidos polo alumno/a multiplicados cada un deles polo valor das cualificacións que correspondan, e dividida polo número de créditos totais obtidos polo alumno/a.

Terase en conta unicamente a cualificación obtida na última convocatoria, agás o “non presentado” que non computará no numerador nin no denominador.

2.2.- Os créditos obtidos por recoñecemento de créditos correspondentes a actividades formativas non integradas no plan de estudos non serán cualificados numericamente nin computarán para os efectos de cómputo da media do expediente académico.

2.3.- Naqueles casos en que nun expediente non figure, en todas, ou nalgunhas das materias, a cualificación numérica recollida no baremo do artigo 5.4 do Real Decreto 1125/2003, a cualificación cualitativa da materia converterase en cuantitativa mediante a aplicación do seguinte baremo:

Matrícula de honra. 10,00 puntos

Sobresáinte. 9,00 puntos

Notable. 7,50 puntos

Aprobado. 5,50 puntos

Suspenso 2,50 puntos

2.4.- Cando se trate de titulacións de segundo ciclo, a nota media do expediente académico desa titulación calcularase tendo en conta as cualificacións obtidas neste segundo ciclo.

2.5.- Para as materias adaptadas computarase a cualificación obtida no centro de procedencia e o recoñecemento de créditos en que non exista cualificación non se terá en conta a efectos de ponderación.

2.6.- Os complementos de formación computaranse do mesmo xeito que as restantes materias.

2.7.- Os proxectos de fin de carreira nos plans estruturados en créditos computarán polo número de créditos que teñan asignados no plan de estudos.

2.8.- As materias ou créditos validados nos que non se especifique a cualificación obtida tomarán o valor numérico 5,50.

2.9.- As materias ou créditos que se terán en conta para o cálculo das notas medias serán as seguintes:

a) Alumnos/as que non completaron os estudos: créditos totais cursados, superados ou non superados, adaptados ou validados da titulación. Non se computarán as materias das que estean matriculados e pendentos de cualificación ou recoñecemento de estudos.

b) Alumnos/as que completaron os estudos: todas as materias necesarias para obter a titulación. En todo caso, as materias cursadas unha vez efectuado o depósito para a expedición do título non se computarán para estes efectos. Neste caso, de teren superados máis créditos optativos ou de libre elección dos necesarios para completar os estudos farase unha prelación destes créditos de maior a menor cualificación e desprezándose destes últimos as materias que excedan das necesarias para obter a titulación.

2.10.- Cando se proceda á adaptación íntegra dun primeiro ciclo por telo superado noutro plan de estudos (das universidades do SUG ou doutra universidade), procederase ao cálculo da nota media dese primeiro ciclo de acordo co seu expediente, e a nota media do segundo ciclo obterase conforme aos criterios establecidos neste acordo. Para obter a media total do expediente farase a media ponderada entre o primeiro e o segundo ciclo, utilizando como coeficiente de ponderación os créditos cursados en cada ciclo. Se o primeiro ciclo foi cursado nun plan non estruturado en créditos establécese como coeficiente de ponderación 180 créditos.

2.11.- As notas medias calcularanse cunha aproximación de catro decimais.

TERCEIRO .- PUBLICIDADE

Os alumnos e alumnas poderán solicitar que na certificación do expediente se incorpore esta nota media.

Os Centros e as Unidades de Xestión disporán dunha consulta para o cálculo das notas medias conforme ao artigo 5 do Real Decreto 1125/2003, de 5 de setembro e a presente Instrución.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Para a convocatoria de solicitude de SICUE do presente curso académico a ORE remitirá á Secretaría Xeral a relación de solicitantes para proceder de oficio ao cálculo da nota media conforme a presente Instrución.

Para o cálculo da media desta convocatoria SICUE 2010-2011, a data de referencia será o 30 de setembro de 2009. Para os alumnos que accederon a titulacións de segundo ciclo, a nota media do expediente académico calcularase tendo en conta as cualificacións obtidas nos estudos de primeiro ciclo desde os que se accede á titulación de segundo ciclo e os créditos que o alumno superara a 30 de setembro de 2009. Para obter a media total do expediente farase a media ponderada entre o primeiro e o segundo ciclo, utilizando como coeficiente de ponderación os créditos cursados en cada ciclo.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2010

A Secretaria Xeral



Isabel García-Rodeja Gayoso